



## NOTA INFORMATIVA DO IESCHA

# CICLO MESTRE MATEO PROXECCIÓN DE "MALENCOLÍA"

de **ALFONSO ZARAUZA**

**FINALISTA DOS PREMIOS MESTRE MATEO'22**

**SÁBADO 15 DE OUTUBRO DE 2022 – 20:00 horas**

**NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), en colaboración coa *Academia Galega do Audiovisual*, coa *Área de Cultura Vicepresidencia da Deputación de Lugo* e co *Concello de Vilalba*, continúa coas proxeccións correspondentes ás películas finalistas dos **XX PREMIOS MESTRE MATEO** (documentais e longametraxes). Nesta ocasión, tócalle o turno á película "**MALENCOLÍA**", dirixida por **Alfonso Zarauza**.

A proxección terá lugar no **Auditorio Municipal de Vilalba o sábado 15 de outubro de 2022, ás 20:00 horas.**

### SINOPSE:

Sira e Pepe son unha parella que fartos da vida en precario e do frenesí da cidade de Berlín, deciden voltar a Galicia tras moitos anos emigrados na Alemaña. Atopan por internet unha casa na aldea abandonada de Lupián, provincia de Ourense, e deciden deixalo todo para iniciar unha nova vida alí. Chegados a aldea descubren con sorpresa que a única casa con vida está habitada por unha peculiar señora chamada Isolina.

### CANDIDATURAS XX PREMIOS MESTRE MATEO

*Película Finalista*

### FICHA TÉCNICA:

**Duración:** 95'

**Produtora:** Maruxiña Film Company e TVG

**Dirección:** Alfonso Zarauza

**Dirección de arte:** Elia Robles

**Dirección de fotografía:** Alberte Branco

(AEC) **Dirección de produción:** Tamara Soto

**Guión:** Alfonso Zarauza

**Reperto:** Melania Cruz, Xúlio Abonjo, Iolanda Muiños, Diego Anido, Leticia Sola, Ricardo

de Barreiro, Marta Lado, X.A. Touriñán, Tito Asorey, Déborah Vukusic

**Maquillaxe e perruquería:** Raquel Fidalgo, Patricia Vilela

**Montaxe:** Fernando Alfonsín

**Son:** Javier Pato, David Machado

**Vestuario:** Renata Uzal

A ENTRADA SERÁ DE BALDE, PERO HABERÁ QUE REALIZAR A CORRESPONDENTE RESERVA BEN NA PÁXINA WEB DO CONCELLO BEN DIRECTAMENTE NO AUDITORIO O MESMO DÍA DA PROXECCIÓN